

Se estás embarazada, vacínate fronte á tose ferina! E protexe o teu bebé

galicia



XUNTA
DE GALICIA
xunta.gal



A tose ferina está aumentando nos últimos tempos no noso país, e os nenos que acaban de nacer son os que teñen un maior risco de complicacións ata que reciben a vacina aos dous meses de idade.

Recibir a vacina durante o embarazo é a mellor maneira de previr a enfermidade; deste xeito, o teu bebé estará protexido en canto naza, cando aínda é moi pequeno para ser vacunado.

Que é a tose ferina?

É unha enfermidade moi contagiosa, causada pola bacteria *Bordetella pertussis*, que produce infeccións respiratorias.

A enfermidade adoita ser máis grave durante os primeiros meses de vida e, con frecuencia, require ingreso hospitalario, podendo dar lugar a complicacións moi severas.

Quen lles pode contaxiar a enfermidade aos bebés?

As persoas con tose ferina transmiten a enfermidade, principalmente, ao tusir ou esberrar. A principal fonte de contaxio para o neno que acaba de nacer son as persoas que o coidan e conviven con el.



Vacinarse fronte á tose ferina durante o embarazo protexe:

- O **bebé nos primeiros meses de vida** grazas ao paso de anticorpos maternos a través da placenta.
- A **nai**, evitando así o contaxio da enfermidade ao bebé.

Como se pode protexer o bebé?

A forma máis efectiva de protección nas primeiras semanas de vida é a vacinación da embarazada coa vacina dTpa. Esta vacina protexe fronte á difteria, ao tétano e á tose ferina.

Durante o embarazo, cando está indicada a vacinación con dTpa?

Recoméndase vacinar as embarazadas entre as semanas 28 e 36 de xestación, **preferiblemente na semana 32**, aproveitando a visita de control do embarazo establecida nas recomendacións da Guía técnica de atención ao embarazo da nosa Comunidade Autónoma.

A vacina está recomendada en cada novo embarazo, independentemente das doses previas recibidas.

É segura a vacina durante o embarazo?

Si. A administración da vacina é segura durante o embarazo, tanto para a nai como para o feto. Os efectos secundarios adoitan ser leves e locais (lixeira dor, arroibamento ou inchazón na zona de administración da inxección).



Como podo protexer o meu bebé fronte á tose ferina?

- Recibindo unha dose de vacina dTpa no terceiro trimestre do embarazo.
- Asegurándome de que reciba as súas doses de DTPa sen atraso segundo o calendario de vacinación sistemático infantil.

Pode estar contraindicada a vacina?

Só naquelas mulleres con alerxia severa a algún compoñente da vacina estaría contraindicada. Esta situación é moi pouco frecuente.

Debería o bebé ser vacunado fronte á tose ferina aos dous meses se eu me vacinei durante o embarazo?

Si. Vacinarse contra a tose ferina durante o embarazo proporcionalle protección ao bebé a curto prazo. En canto este cumpra dous meses, necesitará a súa propia vacina (DTPa) para estar protexido. Hai que asegurarse de que o teu bebé recibe as vacinas sen atraso e segundo o calendario de vacinación do Programa galego de vacinación.

Onde me podo vacinar?

No centro sanitario (centro de saúde, consulta, hospital...) onde se estea a realizar o seguimento do teu embarazo, sempre que sexa punto de vacinación.



Calquera dúbida que teñas pódela consultar cos profesionais sanitarios que fan o seguimento do teu embarazo (obstetras/xinecólogos, matronas, persoal de enfermaría...).

Máis información dispoñible:
<http://dxsp.sergas.es/>
Enfermedades transmisibles -
Programa galego de vacinación



Si estás embarazada, vacúnate frente a la tosferina! Y protege a tu bebé

galicia



XUNTA
DE GALICIA
xunta.gal



La tosferina está aumentando en los últimos tiempos en nuestro país, y los recién nacidos son los que tienen un mayor riesgo de complicaciones hasta que reciben la vacuna a los dos meses de edad.

Recibir la vacuna durante el embarazo es la mejor manera de prevenir la enfermedad; de esta forma, tu bebé estará protegido en cuanto nazca, cuando todavía es muy pequeño para ser vacunado.

¿Qué es la tosferina?

Es una enfermedad muy contagiosa, causada por la bacteria *Bordetella pertussis*, que produce infecciones respiratorias.

La enfermedad suele ser más grave durante los primeros meses de vida y, con frecuencia, requiere ingreso hospitalario, pudiendo dar lugar a complicaciones muy severas.

¿Quién puede contagiar la enfermedad a los bebés?

Las personas con tosferina transmiten la enfermedad, principalmente, al toser o estornudar. La principal fuente de contagio para el recién nacido son las personas que lo cuidan y conviven con él.

Vacunarse frente a la tosferina durante el embarazo protege:

- Al **bebé en los primeros meses de vida** gracias al paso de anticuerpos maternos a través de la placenta.
- A la **madre**, evitando así el contagio de la enfermedad al bebé.



¿Cómo se puede proteger al bebé?

La forma más efectiva de protección en las primeras semanas de vida es la vacunación de la embarazada con la vacuna dTpa. Esta vacuna protege frente a la difteria, el tétanos y la tosferina.

Durante el embarazo, ¿cuándo está indicada la vacunación con dTpa?

Se recomienda vacunar a las embarazadas entre las semanas 28 y 36 de gestación, **preferiblemente en la semana 32**, aprovechando la visita de control del embarazo establecida en las recomendaciones de la Guía técnica de atención al embarazo de nuestra Comunidad Autónoma.

La vacuna está recomendada en cada nuevo embarazo, independientemente de las dosis previas recibidas.

¿Es segura la vacuna durante el embarazo?

Si. La administración de la vacuna es segura durante el embarazo, tanto para la madre como para el feto. Los efectos secundarios suelen ser leves y locales (ligero dolor, enrojecimiento o hinchazón en la zona de administración de la inyección).

¿Cómo puedo proteger a mi bebé frente a la tosferina?

- Recibiendo una dosis de vacuna dTpa en el tercer trimestre del embarazo.
- Asegurándome de que reciba sus dosis de DTPa sin retraso según el calendario de vacunación sistemático infantil.



¿Puede estar contraindicada la vacuna?

Solo en aquellas mujeres con alergia severa a algún componente de la vacuna estaría contraindicada. Esta situación es muy poco frecuente.

¿Debería el bebé ser vacunado frente a la tosferina a los dos meses si yo me vacuné durante el embarazo?

Si. Vacunarse contra la tosferina durante el embarazo proporciona protección al bebé a corto plazo. En cuanto este cumpla dos meses, necesitará su propia vacuna (DTPa) para estar protegido. Hay que asegurarse de que tu bebé recibe las vacunas sin retraso y según el calendario de vacunación del Programa gallego de vacunación.

¿Dónde puedo vacunarme?

En el centro sanitario (centro de salud, consulta, hospital...) donde se esté realizando el seguimiento de tu embarazo, siempre que sea punto de vacunación.

Cualquier duda que tengas puedes consultarla con los profesionales sanitarios que hacen el seguimiento de tu embarazo (obstetras/ginecólogos, matronas, personal de enfermería...).

Más información disponible:

<http://dxsp.sergas.es/>
Enfermedades transmisibles -
Programa gallego de vacunación

